

Moción Conxunta

Os Grupos Municipais do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Marea Pontevedra e Mixto (Ciudadanos), ao abeiro do disposto na lexislación vixente e particularmente nos artigos 67 letra c); 117 letra a) e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, presenta para o seu debate e votación no Pleno do Concello de Pontevedra a seguinte moción, relativa á **CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL QUE RETOME O PROCESO DE REDACCIÓN, APROBACIÓN E POSTA EN MARCHA DUN PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL PARA PONTEVEDRA (PXOM)**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 20 de abril do presente ano Consultora Galega presentou no Concello de Pontevedra un escrito para dar por liquidadas as obrigas adquiridas polas dúas partes no contrato asinado en 2004 para a redacción do novo PXOM e da Axenda 21 Local.

A petición do equipo redactor chegou despois de que o Concello paralizase eses traballos o 20 de xaneiro de 2012 “ata que a Xunta cambie a lei ou abra a man”, segundo o concelleiro daquela responsable.

Logo diso, o equipo redactor reclamou diversas cantidades (por traballos pendentes de cobro, como indemnización polo 10% do beneficio dos traballos deixados de relizar e máis como devolución de garantías). En total 218.000 euros aos que deben sumarse os 779.000 que o Concello leva pagados nun PXOM sempre posposto. En total, preto dun millón de euros. Máis de tres cuartas partes, por tanto, dun contrato que chegaba a 1.355.000 euros.

Fronte a esa parálise, a maioría dos grupos municipais entende que a aprobación dun PXOM é clave tanto para ordenar o territorio como para dar seguridade xurídica aos veciños/as, aos propietarios das fincas, aos de vivendas xa construídas e aos de posibles construcións futuras. A existencia dun PXOM é, ademais, a mellor garantía para conseguir unha planificación racional e ordenada da construción destinada a uso residencial, unha provisión suficiente de solos para os demais usos, unha integración axeitada das parroquias da periferia, unha recuperación integral da Ría, impedindo que se invada e utilice de xeito insustentable, unha protección eficiente da contorna con valores históricos, forestais ou paisaxísticos e, en suma, unha rede de transporte público.

Así, de acordo con esta vontade, na sesión plenaria de 20 de xullo de 2015 a maioría da Corporación Municipal, co único voto en contra do BNG, aprobou a creación dunha subcomisión de urbanismo coa fin de retomar a redacción, aprobación e posta en marcha do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Moción Conxunta

Con data 12 de agosto de 2015, o Secretario Xeral do Pleno emite, a petición da Alcaldía, un informe sobre dito acordo no que se apuntan algúns defectos de forma que imposibilitan a materialización do aprobado no referido pleno. Non obstante, tal e como o mesmo informe indica, eses aspectos formais non impiden realizar o que era e é vontade da maioría da corporación municipal, crear unha comisión que poña fin á parálise interesada na que o Goberno Municipal do BNG ten sumido ao novo PXOM.

É máis, o informe do Secretario Xeral do Pleno indica ata tres posibilidades diferentes de materializar esa vontade: mediante unha modificación do Regulamento Orgánico do Pleno (R.O.P.) que contemple a creación desas subcomisións non previstas actualmente, creando un grupo de traballo ou, finalmente creando unha comisión informativa especial, figura contemplada na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (art. 68.4), no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (art. 124.3) e no propio R.O.P. (art. 134.3).

En todo caso, seguindo as indicacións do Secretario Xeral do Pleno, a fórmula máis acaída para poder cumprir co acordado ao respecto no pleno ordinario do mes de xullo, semella a creación dunha Comisión Informativa Especial, posto que é a figura que xa está contemplada nas diferentes normativas, sen necesidade de iniciar un farrogooso trámite de modificación do R.O.P., o que adiaría aínda máis o inicio dos traballos tendentes á aprobación do PXOM.

A maiores, fronte ao Grupo de Traballo, a segunda posibilidade indicada polo Secretario no seu informe, a Comisión Informativa Especial dotará aos traballos desenvolvidos no seu seo dunha formalidade e oficialidade (citacións por escrito, actas, periodicidade das xuntanzas...) das que os grupos de traballo carecen.

Xa que logo, faise necesario aprobar un Plan Xeral de Ordenación Municipal que deseñe a cidade futura partindo das necesidades detectadas en estudos técnicos, cotando co máximo consenso de todos os axentes implicados e garantindo que o crecemento non vai estar sometido aos criterios arbitrarios dos políticos.

Por todo o sinalado anteriormente, os grupos municipais do PP, PS^{de}G-PSOE, Marea e Mixto (Ciudadanos) no Concello de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Pontevedra acorda:

Moción Conxunta

1. Crear a Comisión Informativa Especial para o Estudo e Impulso do Novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).
2. A fin desta comisión será o seguimento e control de todo o procedemento tendente á aprobación definitiva dun novo PXOM para Pontevedra. É dicir, tanto da situación actual coa redactora, como a posible nova contratación destes servizos, como os traballos posteriores de redacción e tramitación administrativa do Plan.

A comisión especial, no eido desta fin, poderá reclamar tanta información entenda precisa para tales efectos, tanto dos responsables políticos como dos servizos administrativos, analizar todas as alternativas posibles a efectuar cantas propostas entenda ao respecto, tanto ao goberno municipal como ao propio pleno.

3. Afondando no sinalado no punto anterior, instar á Xunta de Goberno Local, no mes posterior ao acordo plenario, a buscar co equipo redactor contratado en 2004 unha fórmula que permita continuar, actualizar e concluír os traballos realizados desde aquel ano. E instar, se ese acordo non se busca ou non se produce, a resolver definitivamente aquel contrato e a redactar os pregos técnicos e administrativos dun novo concurso que, antes da fin de 2015, rematará adxudicándolle a redacción dun novo PXOM ao equipo que resulte gañador.
4. Con respecto á duración temporal dos traballos desta Comisión Informativa Especial, entederase cumprida a fin para a que é creada no momento no que se aprobe definitivamente o novo PXOM ou, en todo caso, cando remate o mandato da actual corporación.
5. Con respecto á súa composición, seguirase o mesmo criterio que para o resto de comisións informativas, é dicir, 4 membros do Grupo Municipal do BNG, 2 do Partido Popular, 1 do PSdeG-PSOE, 1 de Marea Pontevedra e 1 do Grupo Mixto (Ciudadanos).
6. A comisión reunirse ordinariamente unha vez ao mes e, de xeito extraordinario, tantas veces como sexa preciso en función da urxencia dos asuntos a tratar en cada momento.
7. Os abaixo firmantes comprométese a que os integrantes desta comisión, renuncien expresamente a calquera retribución que poidera corresponder derivada da asistencia á mesma.

Moción Conxunta

Pontevedra, 7 de Setembro de 2015

D. JACOBO MOREIRA FERRO
Voceiro de G. M. do PP

D. AGUSTÍN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
Voceiro do G. M. do PSdeG PSOE

D. LUIS REI NÚÑEZ
Voceiro do G. M. de Marea Pontevedra

DÑA. MARÍA REY MARTÍNEZ
Voceira do G. Mixto (Ciudadanos)

ILMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA